



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4 TDAH
-----------------	--	-------	--	--------	-------------------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	☐ Home ☐ Muller		
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2020410576

Celga



4



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-A-20-TDAH

Proba A1

Vostede colabora na revista *Animalia.gal*.

Logo de ver esta reportaxe na televisión, decide escribir un **artigo** sobre os avances técnicos desenvolvidos no eido da veterinaria e a súa repercusión na gandería.

No texto, de **400 palabras**, ten que:

- Comentar que é e como xurdiu a ciencia veterinaria.
- Subliñar a importancia de que se produzan avances técnicos neste ámbito.
- Explicar en que consisten as ferramentas de identificación animal desenvolvidas pola empresa Seasvet.
- Indicar a utilidade destas ferramentas nos animais domésticos.
- Contar como se desenvolve o sistema de recuperación do porco celta en Galicia.
- Contar que tipo de ferramenta de identificación se emprega.
- Valorar a importancia de que se invista en tecnoloxía e en investigación no eido da veterinaria para o desenvolvemento da gandería.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

A vostede gústalle moito viaxar.

Logo de ler o seguinte artigo, decide escribir unha entrada para o seu blog sobre o ecoturismo.

No **texto**, en **400 palabras**, debe:

- Contar como inflúe o desenvolvemento turístico en determinados destinos pouco favorecidos economicamente.
- Explicar que é o ecoturismo ou turismo sustentable.
- Explicar por que xurdiu o ecoturismo ou turismo sustentable.
- Opinar acerca da conveniencia de que se xeneralice esta maneira de viaxar fronte ao turismo convencional.
- Propoñerlles aos lectores e lectoras do seu blog unha viaxe sustentable que inclúa actividades para protexer o medio.
- Nesta viaxe debe recadarse diñeiro para unha causa solidaria.

O turismo sustentable

Na actualidade, o turismo converteuse na base económica de moitos lugares paradisíacos que non hai moitos anos estaban virxes e ao único coidado dos seus poboadores.


Porén, a cambio, tiveron que pagar un alto prezo:

- cunha explotación incontrolada,
- coa cementación das súas costas,
- coa perda de identidade e cultura ou
- cunha dependencia case absoluta do sector turístico como fonte de recursos.

Ante este panorama, xurdiu o concepto de turismo sustentable ou ecoturismo.

Trátase dunha nova definición deste sector que, con raíces no marco ambiental, convida a viaxar e a visitar áreas naturais para gozar, apreciar e estudar os seus atractivos, como a paisaxe, a flora e a fauna silvestre, así como calquera das súas manifestacións culturais.

Está baseado nos principios da Declaración de Río de Xaneiro sobre Desenvolvemento e Medio Ambiente e nas recomendacións da Axenda 21.



Estimula unha fórmula de vacacións favorable á conservación das terras visitadas, cun baixo impacto ambiental e cultural.

Así propiciase, desde un punto de vista socioeconómico, a participación das poboacións locais.

O turismo, ademais dun fenómeno mundial, é hoxe un dos sectores da economía que experimenta un maior crecemento.

As cifras de viaxes ao estranxeiro triplicáronse desde 1971 e a Organización Mundial do Turismo prognostica un índice de crecemento anual do 4,3 % ata o ano 2020.

Malia o aumento das viaxes de longa distancia, o turismo internacional céntrase principalmente nos chamados países do norte.

Proba diso é que Europa, cun 59 % das pasaxes, e América do Norte, co 14 % destas, suman preto do 75 % das viaxes internacionais.

Os cinco países que o ano pasado obtiveron os maiores ingresos por turismo foron Os Estados Unidos, Italia, España, Francia e Gran Bretaña. A China ocupa xa o oitavo posto.

Os imprevisibles efectos do turismo

As consecuencias do turismo préstanse a dúas lecturas diferentes.

Na súa vertente positiva, convén salientar que representa:

- un papel importante no desenvolvemento socioeconómico de moitos países,
- contribúe ao intercambio cultural,
- fomenta a paz e as relacións entre os pobos,

co que se crea unha conciencia máis global baseada no respecto a un amplo mosaico cultural e ás diferentes formas de vida dos países.

Porén, non sempre se cumpriron as expectativas que se tiñan do turismo como motor de desenvolvemento económico.

Moitos países, sobre todo do sur, apostan por este sector como fonte de riqueza, coa esperanza de obter:

- ingresos en divisas,
- novos empregos e
- un equilibrio socioeconómico en todas as súas rexións.

Pero, con máis frecuencia da desexada, este intento resulta en balde porque o turismo, como actividade económica de tempada, reacciona con celeridade aos imprevistos: inestabilidade política, desastres naturais, epidemias, criminalidade...

Estes factores, en combinación coa gran competencia con outros países, poden provocar que a demanda dun lugar de destino caia en picado dun día para outro.

A isto únese, no terreo puramente económico, que aos ingresos por divisas turísticas, unha fonte fundamental de moitos países, hai que lles restar unha suma considerable para a importación dos artigos necesarios.

Precisamente para fomentar un turismo de calidade, un gasto que, nas rexións máis afastadas e case sen explotar, pode alcanzar ata o 90 % do total das divisas.

Esta circunstancia aféctalles especialmente a países pequenos, pobres e pouco industrializados, como poden ser as Illas do Caribe e do Pacífico, onde a maioría dos hoteis son propiedade de cadeas estranxeiras.

Non hai que esquecer tampouco que o turismo internacional ten unha clara influencia no paso das formas de vida tradicionais cara a un estilo máis occidental.

O turismo sustentable como reto do futuro

Para minimizar o impacto negativo do sector turístico, a Asemblea das Nacións Unidas realizada en xuño de 1997 solicitoulle á Comisión de Desenvolvemento Sustentable que presentase un programa de traballo dirixido a fomentar un turismo sustentable e adecuado a aspectos éticos, sociais e culturais.

Así garántese o coidado do medio e uns bos resultados económicos.

O concepto de turismo sustentable recoñece universalmente «o dereito de cada individuo ao descanso e á recreación, a unha limitación razoable das horas de traballo, a vacacións periódicas pagas, así como á liberdade de viaxar dentro do marco das leis».

Todo iso baséase en potenciar nos destinos turísticos o desenvolvemento económico, o respecto á natureza, a identidade dos poboadores e a xustiza social, sen poñer en perigo as boas relacións e a paz entre os pobos.

Desde este punto de vista, os promotores do turismo sustentable apelan á comunidade internacional, ás empresas do sector e aos gobernos para que adopten unha serie de medidas máis globais.

En favor, por exemplo:

- dunha sustentabilidade ética, social e cultural que inclúa o respecto aos dereitos humanos,
- da erradicación da prostitución e do traballo infantil,
- da participación da poboación local na vida política e
- da creación de condicións laborais máis xustas e humanas para os traballadores desta rama.

Segundo a petición trasladada polos defensores do turismo sustentable ou ecoturismo, tamén se pretende:

- Unha sustentabilidade ecolóxica baseada na preservación do equilibrio ambiental.
- Un transporte turístico de prezos axustados e coherente co medio ambiente.

Por último, solicitan unha sustentabilidade económica:

- Que aumente os ingresos da poboación local.
- Que limite o número de propiedades turísticas en poder de capital estranxeiro.
- Que permita a participación dos grupos sociais e locais, sobre todo de mulleres e mozos, para que se poidan beneficiar tamén da riqueza creada.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

